





# Alameda



## Árbores senlleiras

- 1 Abeto Perona
- 2 Eucalipto
- 3 Tileiro Prateado

## Algunhas especies do parque

- 1 *Erythrina crista-galli*
- 2 *Sequoia sempervirens*
- 3 *Magnolia x soulangiana*
- 4 *Tilia tomentosa*
- 5 *Chamaecyparis lawsoniana*
- 6 *Aesculus hippocastanum*
- 7 *Phoenix cadariensis*
- 8 *Quercus robur*
- 9 *Olea europaea*
- 10 *Prunus cerasifera*
- 11 *Abies nordmanniana*

A Alameda de Compostela, situada entre o casco vello e o Ensanche é o parque máis antigo e emblemático da cidade, cunha extensión de máis de 85.000 m<sup>2</sup>.

A súa orixe remóntase ao século XVI, cando se fixeron as primeiras plantacións de árbores, principalmente carballos, chopos e freixos, nos terreos que o Conde de Altamira cedera a cidade para uso público.

Na primeira metade do século XIX, ademais dos bosques de cultivo, plantáronse especies ornamentais e axardináronse diferentes áreas. Desde entón ata a actualidade este parque foi obxecto de ampliacións e numerosas remodelacións, tanto nas plantas que conforman os seus xardíns, como nos paseos, elementos arquitectónicos, fontes, bancos, esculturas, etc.

Hoxe en día, ademais de ser un dos principais "pulmóns" da cidade, o seu uso principal é como espazo de lecer, pero tamén é utilizado temporalmente para actividades festivas e culturais.

A entrada principal mira á Porta Faxeira e representa o inicio dos xardíns da parte baixa que se estenden ata a igrexa do Pilar. Esta parte que antigamente tiña o nome de Xardíns do Campo da Estrela, ten paseos sombreados por árbores de gran envergadura, como tileiros, plátanos, cipreses ou unha gran sequoia, entre os que se intercalan outros máis pequenos que dan colorido polas súas flores, como os camelios e rododendros ou polos seus froitos, como os acivros.


Ascendendo a parte máis alta, pola cara leste está a carballeira de Santa Susana. Este bosque é un bo representante dos que proliferan por toda Galicia asociados aos núcleos urbanos. Bosques de cultivo que tiñan como principais funcións o aproveitamento da súa madeira, das polas máis cativas para leña e das landras, como alimento para os porcos. Tamén é importante o papel que estas carballeiras desempeñaron, ao longo da historia galega, como espazos onde se instalaban as feiras tradicionais. De feito as feiras de gando dos xoves en Santiago se fixeron nesta carballeira, desde principios do século XIX ata o ano 1971.

Rodeando a carballeira, e como unha prolongación dos xardíns da parte baixa, hai unha terceira parte que ten forma dunha gran ferradura, de ahí o nome de Ferradura, que integra grandes paseos e variados xardíns compostos por unha gran diversidade de especies arbóreas, arbustivas e herbáceas.

## Esculturas e outros elementos

- 1 As Marías
- 2 Casto Méndez Núñez
- 3 Quiosco da Música
- 4 Banco acústico
- 5 Iglesia de El Pilar
- 6 Guardería infantil "Santa Susana"
- 7 Pedro Pais Lapido
- 8 Iglesia de Santa Susana
- 9 Rosalía de Castro
- 10 Manuel Ventura Figueroa
- 11 A Leiteira
- 12 Cruceiro do Galo
- 13 Ramón de Valle-Inclán
- 14 Puerta de los Leones
- 15 A. D. Rodríguez Castelao

## A Carballeira de Santa Susana



Semella un bosque silvestre que transmite a sensación de natureza dentro da cidade, pero a proba evidente de que é un bosque de cultivo é o dominio absoluto dunha especie no dosel arbóreo, o carballo.

En Galicia todos os bosques están máis ou menos alterados pola intervención do home, durante séculos ou incluso milenios. Unha forma de coñecer o seu estado de conservación é analizando as especies que forman os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo. En xeral os mellor conservados son os que teñen máis variedade de especies e todas elas con un número semellante de exemplares. Pola contra os bosques de cultivo, ou os que foron explotados durante moito tempo, o número de especies do estrato arbóreo é moi baixo e a maioría das árbores

pertencen a unha única especie, como nas carballeiras.

Con todo, esta carballeira aporta aos composteláns todos os efectos positivos dun bosque, tanto ambientais como culturais. É salientable que, aínda que houbo continuadas renovacións de árbores, é a parte do parque que cambiou menos de fisionomía dende o século XVIII.

## *Quercus robur* L.

### Carballo

Orixinario de Europa, é a árbore máis emblemática de Galicia, onde medra tanto silvestre coma cultivado. De folla caduca, presenta aurículas na base do limbo e lóbulos laterais redondeados cun pecíolo moi curto. Landras colgantes sobre longos pedúnculos, con cúpula que cubre parte do froito.



## *Olea europaea* L.

### Oliveira

Especie da Rexión Mediterránea, cultivada dende antigo en España polos seus froitos, coñecidos popularmente como olivas. En Galicia cultívase principalmente como ornamental en xardíns. Presenta follas perennes, coriáceas, curtamente pecioladas, longas e estreitas.



## As árbores senlleiras da Alameda



De acordo co decreto que regula a catalogación de árbores senlleiras (Xunta de Galicia, Decreto 67/2007, modificado polo Decreto 10/2015), teñen consideración de senlleiras as árbores que sexan merecedoras de medidas específicas de protección en atención ás excepcionais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia que as faga merecedoras dunha especial protección.

Deste parque están incluídas no catálogo de árbores senlleiras de Galicia:

**Abeto Perona** (*Abies nordmanniana*). De valor histórico xa que foi plantado, nun dos paseos da Ferradura, por Eva Perón en 1947, cando era primeira dama de Arxentina.

**Eucaliptos do Paseo da Ferradura** (*Eucalyptus globulus*), o seu principal valor radica na súa idade (uns 130 anos) e o seu tamaño (35-40m de altura).

**Tileiro Prateado dos xardíns da entrada principal** (*Tilia tomentosa*). Igual que os eucaliptos o seu principal valor radica na súa idade (máis de 100 anos) e o seu tamaño (uns 25m de altura).

## *Tilia tomentosa* Moench.

### Tileiro prateado

Natural dos Balcáns, Hungría, Suroeste de Rusia e Anatolia e unha especie cultivada en xardíns de toda España. Follas de 5-13 cm de lonxitude e anchura, marxe dentada e con numerosos pelos na cara inferior que lle dan aspecto prateado. Froito en pequenas cápsulas unidas a unha brácteas en forma de lingua.



## *Sequoia sempervirens* (D. Don) Endl.

### Sequoia

Esta conífera orixinaria da costa Oeste de Estados Unidos (Oregón e California) pode superar os 100 m de altura. Presenta follas perennes, son acículas curtas de cor verde escuro. As piñas son pequenas, semellantes ás dos cipreses. Na axila de cada escama hai de 3 a 7 diminutas sementes aladas.

